

## CRITERIOS E SELECCIÓN

Os/as candidatos/as remitidos/as polo Servizo Público de Emprego para a selección 2 prazas na categoría de Camareiro/a limpador/a, CNO 92101027, e 2 prazas na categoría de Limpdor/a, CNO 92101050, deberán aportar a documentación relativa aos requisitos expostos neste escrito, así como toda aquela que consideren necesaria, co fin de poder valorar os méritos que aleguen.

### · REQUISITOS MÍNIMOS DE ADMISIÓN.

1. Ter cumplido 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

### · CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN DOS CANDIDATOS/AS REMITIDOS/AS POLO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO:

- 1) **EXPERIENCIA PROFESIONAL: 4 PUNTOS** (acreditarse a través de certificado de servizos prestados ou contrato acompañado de vida laboral ou calquera outra documentación que acredite fidelisimamente)

- 0,20 puntos por cada mes de experiencia acreditado na administración pública , en praza de igual ou similar categoría á da convocatoria.
- 0,10 puntos por cada mes de experiencia acreditado na empresa privada, na mesma ou similar categoría.

- 2) **FORMACIÓN: 4 PUNTOS.**

- Coñecemento da lingua galega. A puntuación máxima deste apartado será de 1 punto.
  1. Pola posesión da certificación oficial acreditativa do nivel de coñecemento da lingua galega celga 1: 0,25 puntos.
  2. Pola posesión da certificación oficial acreditativa do nivel de coñecemento da lingua galega celga 2: 0,50 puntos.
  3. Pola posesión da certificación oficial acreditativa do nivel de coñecemento da lingua galega celga 3, ou realización do curso de iniciación da lingua galega homologada pola Dirección Xeral de Política Lingüística, ou presentación da validación dos mesmos: 0,75 puntos.

DECRETO  
Número: 2022-1420 Data: 06/07/2022



Cod. Validación: AD4S6CPRW3H3C921SGDP6JDTT | Corrección: https://ponteareas.sedelectronica.gal/ Documento assinado electrónicamente desde a plataforma xestiona.esPúblico | Página 3 a 5

4. Pola posesión da certificación oficial acreditativa do nivel de coñecemento da lingua galega celga 4, ou realización do curso de perfeccionamento da lingua galega homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística, ou presentación da validación do mesmo: 1 punto.

So se valorará a puntuación máis alta, non sendo acumulables.

- Formación Complementaria: A puntuación máxima nesta alínea será de 3 puntos:
- Por cursos impartidos polas administracións públicas, universidades, INEM, formación continúa do AFCA (Acordo de formación continua para as administracións públicas ou formación ocupacional) relacionada coas funcións propias da categoría segundo o baremo seguinte:
  - Cursos de 20 horas a 39 horas: 0,30 puntos.
  - Cursos de 40 horas a 59 horas: 0,50 puntos.
  - Cursos de 60 horas a 99 horas: 0,75 puntos.
  - Cursos de 100 horas a 149 horas: 1 punto.
  - Cursos de máis de 150 horas : 2 puntos.

#### **4) ENTREVISTA: 2 PUNTOS.**

Versará sobre os méritos adecuados as características do posto nos que se avaliará a capacidade de comunicación, claridade expositiva, competencias novas tecnoloxías, coñecemento do posto, capacidade organizativa e capacidade de traballo en equipo.

O tribunal de selección determinará os criterios aplicables o posto dos relacionados no punto anterior así como a ponderación dos mesmos.

#### **5) CALIFICACION DEFINITIVA**

Rematado o proceso, o Tribunal Cualificador emitirá acta facendo pública, no taboleiro de anuncios dixital do Concello, a puntuación total de todos e cada un dos aspirantes, ánta que non se poderá formalizar proposta de contratación máis que a favor do aspirante con puntuación superior.

A cualificación total obterase de sumar os puntos acadados de conformidade co baremo anteriormente sinalado.

De existir empate entre as puntuacións dos candidatos, este resolverase a favor de aquel que teña a primeira maior puntuación seguindo a orde de puntuación do baremo incluíndo a proba.

Se este continuase desfarase seguindo a orde alfabética, comezando pola letra establecida na Resolución da Consellería de Facenda de 28 de xaneiro de 2022, pola que se fai público para o ano 2022 o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da administración da comunidade autónoma de

**DECRETO**  
Número: 2022-1420 Data: 06/07/2022



Galicia, (DOGA 04/02/2022), polo que os desempates que deriven desta selección empezarán por aqueles cuxo primeiro apellido comece pola letra “ T ”.

Tendo en conta a proposta de nomeamento do Tribunal, procederase ao nomeamento polo órgano competente.

## 6) TRIBUNAL SELECCIÓN

Os membros do tribunal cualificador serán designados por Decreto de Alcaldía segundo o disposto no art. 4, parágrafos e) e f) do Real decreto 896/91, do 7 de xuño, así como artigo 60 do Real Decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro. Artigo 48 do Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais de Comunidade Autónoma de Galicia en Materia de Igualdade, e estará integrado por 5 membros titulares e 5 suplentes, sendo a súa composición 1 Presidente, 1 Secretario e 3 vogais,

Ponteareas, documento asinado electronicamente.

A Alcadesa

M<sup>a</sup> Cristina Fernández Davila

**DECRETO**  
Número: 2022-1420 Data: 06/07/2022



Cod. Validación: AD4S6CPRW3H33C921SGDP6JDTT | Corrección: <https://ponteareas.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.esPúblico | Páxina 5 a 5